

Información



As Vacas da Ulloa mostra a estudantes do CIFP Santiago o funcionamento dunha cooperativa láctea

A cooperativa As Vacas da Ulloa acolleu o obradoiro “Divulgación do emprendemento e de experiencias cooperativas como modelo de éxito” no que participaron persoas en situación de desemprego que estudan no CIFP Santiago. Con esta iniciativa búscase darlle visibilidade ao cooperativismo e á economía social como modelos de negocio.

[Ver máis](#)

Feira do Cooperativismo Ourense 2019

O próximo venres 20 de setembro, a Confederación Empresarial de Ourense convidavos a asistir á Feira do Cooperativismo. O evento celebrarase no Centro Cultural Marcos Valcárcel, desde as 10:00 da mañá ata as 20:30 horas, co obxectivo de achegarlle á sociedade produtos e servizos galegos con valores sociais.

[Ver máis](#)



Actividades



Jornadas: Intelixencia competitiva na economía social

Ven e súmate á fórmula cooperativa. Coñecerás todo o necesario para mellorar o funcionamento do teu negocio de economía social e ser máis competitivo.

Datas: do 23/09/2019 ao 27/09/2019

Horario: 10:00 - 13:00 h

Lugar: IES de Celanova

Inscripcións: 988451646 /

cooperativismo@terracedecelanova.es

[Ver máis](#)

Curso básico de comercio exterior da economía social e cooperativa

Tes interese na internacionalización do teu negocio? Con este curso coñecerás os conceptos básicos, a importancia do plan de internacionalización e da adaptación do produto ao novo mercado, e a xestión operativa para poder levar a cabo a exportación.

Datas: do 23/09/2019 ao 27/09/2019

Horario: 11:00 - 14:00 h

Lugar: Cámara de Comercio de Santiago, San Pedro de Mezonzo, 44, baixo

Inscripcións: 981551700 /

serviciotecnico@camaracompostela.com

[Ver máis](#)

Curso de Email Marketing

Coñece estratexias e técnicas para vender e convencer a través do correo electrónico.

Datas: do 23/09/2019 ao 26/09/2019

Horario: 16:00 - 20:00 h

Lugar: Pazo de Feiras e Congresos, Lugo

Inscripcións: [formulario](#) / 982284150 /

formacion@fundacioncel.org

[Ver máis](#)





Xornada “Banco de terras” e o aproveitamento parcelario

Nesta xornada analizarase como é o uso e o aproveitamento das parcelas agrarias; daranse a coñecer os recursos do sistema de información de terras de Galicia e a ferramenta web Sitegal; e contribuirase a que se coñezan e valoren as cooperativas e as empresas de economía social en relación ao aproveitamento das terras.

Datas: do 23/09/2019 ao 27/09/2019

Horario: 16:00 – 20:00 h

Lugar: Edificio Administrativo da Xunta de Galicia de Lugo, Ronda da Muralla, 70, Lugo

Inscripcións: 982238000 / 679732163 / info@comarcadelugo.gal

[Ver máis](#)

Como conseguir atraer financiamento para a creación do meu proxecto empresarial

Buscas financiamento empresarial? Prepárate para coñecer os distintos sistemas de financiamento e elixir o máis axeitado para o teu proxecto.

Datas: do 24/09/2019 ao 27/09/2019

Horario: 09:00 - 14:00 h

Lugar: Casa da Estación, Santa Cruz de Ribadulla, Vedra, Santiago de Compostela

Inscripcións: [formulario](#) / 981814612 / recepcion.vivero@camaracompostela.com

[Ver máis](#)

Almorzo informativo polo desenvolvemento dunha cultura empresarial inclusiva

Neste encontro entre entidades de economía social trataranse, entre outros temas, a contratación de persoas con discapacidade, a nova lei de contratos do sector público e o papel da Rede Cegasal Incluíe como punto de encontro para coñecer boas prácticas e fomentar unha cultura empresarial inclusiva.

Datas: 24/09/2019

Horario: 09:30 - 11:00 h

Lugar: r/ Dublín, 3, baixo, Santiago de Compostela

[Ver máis](#)

Economía Social Meeting

Infórmate das medidas de seguridade básica que tes que adoptar na túa entidade e se cumpres coa normativa en protección de datos.

Data: 24/09/2019

Horario: 11:00 - 13:00 h

Lugar: r/ Tomiño, 22, entreplanta, Santiago de Compostela

Inscripcións: 981584911 / hmougan@agaca.coop

[Ver máis](#)

Rede Eusumo

Contacte en: comunicacion@eusumo.gal ou 610 17 43 89

Máis información en:



www.eusumo.gal

